



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Rúa dos Camiños da Vida, s/n
Ed. Witland 2ª A e C
15705 Santiago de Compostela
http://agader.xunta.es
Telf.: 981 54 73 54 - Fax: 981 54 73 81



Dª Luisa Piñeiro Arcos
Alcaldesa do concello de Moraña
Santa Lucía, 2
36660 - Moraña
PO

Estimada alcaldesa:

Dende a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) estanse a elaborar os plans de zona para cada unha das zonas rurais definidas e cualificadas de acordo co establecido na Lei 45/2007, de desenvolvemento sostible do medio rural e no Programa de Desenvolvemento Rural Sostible 2010-2014 (aprobado polo R.D. 752/2010).

Dentro do proceso de participación pública que rexe na elaboración destes plans de zona, informámoslle que nestes días estará a disposición de todos os interesados a versión preliminar dos mesmos e que poden realizarse achegas, suxestións e alegacións durante 23 días hábiles dende a publicación no DOGA do anuncio de exposición pública, período que aproximadamente rematará en torno ao 30 de xullo de 2011.

A información dispoñible estará a disposición na páxina web de Agader, <http://agader.xunta.es/Actividades.do>, así como nas dependencias administrativas de Agader, sitas na rúa dos Camiños da Vida, s/n – 2ª planta (Edificio Witland) en Salgueiriños – Santiago de Compostela.

Neste senso, pregámoslle que lle dean a máxima difusión posible a este período de exposición pública para garantir que todas aqueles institucións, organizacións e cidadáns interesados poidan facer as súas achegas.

Agradecéndolle o seu interese, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, a 1 de xullo de 2011.

O director xeral de Agader,



Antonio Crespo Iglesias



GALICIA
inviste no RURAL

